



GUÍA RSE PARA O SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

INTRODUCCIÓN AOS CONCEPTOS
DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL
E AS SÚAS FERRAMENTAS



**A GUÍA RSE PARA O
SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES E MARISCOS**

PUBLICOUSE EN SOPORTE
DIXITAL, PARA A SÚA
CONSULTA E DIVULGACIÓN,
CO FIN DE PROTEXER O
MEDIO E DE CONTRIBUÍR A UN
MENOR CONSUMO DE PAPEL



GUÍA RSE PARA O SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

INTRODUCCIÓN AOS CONCEPTOS
DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL
E AS SÚAS FERRAMENTAS

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
2014



Elaboración e edición
Adaptarse Soluciones

Diseño e maquetación
Múltipla Imagen Global

Iconografía
The Noun Project



00

ALCANCE E OBJECTIVOS DA GUÍA



01

PREGUNTAS E RESPOSTAS
ATANDO CABOS



02

PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR
ENLATAR A MEDIDA



03

SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR
CONSERVARSE



04

AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN
O ABRELATAS



05

TÁBOA RESUMO DE INICIATIVAS



ANEXO I

CUESTIONARIO RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL



00 ALCANCE E OBXECTIVOS DA GUÍA

—
INTRODUCCIÓN AOS CONCEPTOS
DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL
E AS SÚAS FERRAMENTAS

Esta *II Guía sectorial de responsabilidade social empresarial*, específica para o sector da conserva de peixes e mariscos, forma parte dun proxecto da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pertencente á Consellería de Traballo e Benestar. O proxecto ten como obxectivo dotar as pemes galegas de ferramentas adecuadas que as axuden a coñecer, incorporar e comunicar a súa responsabilidade social empresarial (RSE). Deste xeito, a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social está a seguir a folia de ruta exposta no [Plan estratéxico da RSE en Galicia 2012-2014](#).

Do mesmo xeito que ocorre con outros sectores, existen multitude de iniciativas, normas e certificacións vixentes a día de hoxe en materia de RSE. Isto dificulta que as pemes atopen o camiño, xa que, teñen que destinar moitos recursos só para identificar e determinar que certificación, selo ou ferramenta é a adecuada en función do seu tamaño e do sector de actividade. No caso concreto das empresas conserveiras de peixes e mariscos, engádese a dificultade de que a materia prima, un recurso natural, está, á súa vez, baixo o foco de multitude de iniciativas que buscan garantir a súa sustentabilidade e uso responsable. Por iso, do mesmo xeito que ocorre coa *I Guía sectorial dedicada ao sector téxtil*, esta guía pretende ser un manual de supervivencia, de fácil uso, no que a empresa poida atopar a súa maneira de facer RSE, tendo en conta o contexto actual e as características do seu sector.

Tal e como destaca a [Consellería de Mar](#) no seu portal web, Galicia é a comunidade autónoma líder en transformación e conservación de produtos procedentes do mar. Este é un sector moi sensible aos comportamentos do consumidor e tamén é vulnerable ás flutuacións do mercado da materia prima, no que termos como “sustentabilidade” ou “responsabilidade social” van gañando notoriedade. O propio proxecto de Lei de pesca sustentable é un indicador da importancia que teñen estes conceptos no sector.

Debido ao peso específico que dentro do sector teñen as conservas de túnidos, nos diferentes capítulos poderá aparecer información ou iniciativas que se identifiquen máis con este subsector, aínda que a guía está pensada para que lles resulte útil a todas as empresas conserveiras, sexa cal sexa a materia prima coa que traballen.

Para os efectos de alcance desta guía, consideramos actividades englobadas no sector conserveiro de peixes e mariscos:

- Fabricación de conservas de peixe (CNAE:1022)

Entendemos que as mesmas características e recomendacións da RSE se deben aplicar á categoría de mariscos, tal e como queda recollido nesta guía.

O obxectivo desta guía é facilitar a incorporación de conceptos de RSE na xestión, achandar o camiño e facilitar o proceso de reflexión que leva a identificar as áreas onde unha empresa pode empezar esta travesía. Para iso, expoñeranse as distintas ferramentas actuais relacionadas coa RSE e especificaranse as que poden ser de maior interese segundo o tipo de empresa. Para cumprir este propósito, a guía recompila nos primeiros capítulos a información necesaria para ir familiarizándose con conceptos clave da RSE e para ir coñecendo os principais organismos nacionais e internacionais que as promoven, incluídos aqueles específicos que operan e que prestan servizo en Galicia. É un contido de carácter esencialmente divulgativo. Os últimos capítulos profundan máis na implantación da RSE e, concretamente, na súa implantación no sector conserveiro de peixes e mariscos. Por último, unha táboa resumo recolle todas as iniciativas, organismos e certificacións mencionados na guía.

Esta guía pretende ser un manual de supervivencia, de fácil uso, no que a empresa poida atopar a súa maneira de facer RSE

Galicia é a comunidade autónoma líder en transformación e conservación de produtos procedentes do mar, onde termos como “sustentabilidade” ou “responsabilidade social” van gañando notoriedade

A GUÍA ESTRUTÚRASE NOS SEGUINTEs MÓDULOS INDEPENDENTES:

01 PREGUNTAS E RESPOSTAS:

- "ATANDO CABOS"

02 PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNs QUE PODEN AXUDAR

- "ENLATAR A MEDIDA"

03 SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR:

- "CONSERVARSE"

04 AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN:

- "O ABRELATAS"



01 PREGUNTAS E RESPOSTAS

ATANDO CABOS

01. PREGUNTAS E RESPÓSTAS: “ATANDO CABOS”

O obxectivo deste punto é responder dunha maneira sinxela as preguntas máis frecuentes sobre RSE. Coñecer brevemente a que se refiren os seguintes termos resultará de grande utilidade para entender e profundar na teoría e na práctica da responsabilidade social.

QUE É A RSE?

O termo responsabilidade social empresarial (RSE) fai referencia ao conxunto de compromisos que unha empresa adquire para xestionar o seu impacto económico, social e ambiental, para facer compatibles o obxectivo de obtención do máximo beneficio coa xeración de beneficios para o conxunto da sociedade, en especial aos seus grupos de interese. A responsabilidade social das empresas comeza alí onde termina a lexislación; por iso a RSE é voluntaria, porque son compromisos que a empresa adquire máis alá das súas obrigas legais. Para coñecer máis: rse.xunta.es.

É A RSE UN CONCEPTO NOVO?

Aínda que podemos afirmar que sempre existiron nas empresas accións e comportamentos que dalgún xeito podemos considerar responsables e irresponsables, unha serie de factores impulsaron nos últimos anos o concepto en si da RSE, e o que globalmente entendemos cando falamos da RSE. O actual modelo de desenvolvemento das empresas ten efectos sobre o medio que hai que considerar e xestionar, polo que se fai inevitable pensar na sustentabilidade do modelo no longo prazo e na súa vinculación con aspectos puramente económicos. Tamén intervéñen de forma definitiva unha sociedade cada vez máis esixente e demandante de información veraz e verificable sobre o comportamento das empresas.

QUEN SON OS GRUPOS DE INTERESE?

O termo grupo de interese (*stakeholders*) foise impoñendo progresivamente para designar todas as persoas, grupos ou organizacións que manteñen unha relación directa ou indirecta coa empresa; están dentro e/ou fóra da empresa, e as actividades da empresa poden afectar ou ser afectadas de xeito positivo ou negativo. Cada empresa debe identificar os seus propios grupos de interese. En calquera caso, e á marxe de como se clasifiquen, xeralmente recoñécense polo menos os seguintes grupos de interese como principais: clientes, persoas traballadoras, accionistas, provedores, medio e comunidade local¹.

QUE DIFERENZA HAI ENTRE RSE E RSC?

As siglas RSE refírense a “responsabilidade social empresarial” e, en cambio, RSC a “responsabilidade social corporativa”. En liñas xerais, utilízanse indistintamente, aínda que RSC engloba máis organizacións á parte das empresas, como fundacións, ONG ou administracións. Aínda así, existen outros termos en relación coa responsabilidade social en función da institución á que se refiran; por exemplo, RSU a “responsabilidade social universitaria”.

QUE VANTAXES TEN A RSE?

É moi importante diferenciar entre a finalidade da RSE e a utilidade da RSE. A finalidade de incorporar criterios de responsabilidade social na empresa non pode ser outro ca o de camiñar cara á excelencia. Doutra banda, están as utilidades da RSE que son as que xeralmente se coñecen como “vantaxes da RSE”.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

O primeiro paso para saber por onde se debe empezar a implantar a RSE é facer un diagnóstico na organización que identifique posibles accións que xa se estarían levando a cabo

Todas as accións de RSE teñen como punto de partida coñecer as expectativas dos grupos de interese e positivar os impactos da actividade



1. Para máis información sobre os grupos de interese, recomendamos ler o caderno de Forética: “Diálogo cos grupos de interese”.

01. PREGUNTAS E RESPÓSTAS: “ATANDO CABOS”

Estas non deben constituír en si o obxectivo polo que se ha empezar este proceso, senón un efecto desexado. Estas vantaxes maniféstanse na mellora de condicións de compra a provedores, na mellora da produtividade, na redución de consumo enerxético ou na captación de nova clientela, por exemplo.

QUE TIPO DE ACCIÓNS SE PODEN CONSIDERAR DE RSE?

Dependendo da actividade, do sector ou dos países nos que se opera, a lexislación aplicable pode cambiar e, polo tanto, as accións que se poden considerar de RSE tamén. Poden considerarse accións de RSE, por exemplo, integrar persoas con risco de exclusión social no persoal, promover a reciclaxe entre as persoas que traballan na empresa e as súas familias, reducir o consumo enerxético ou vivir as condicións de traballo dos provedores. Pero todas as accións de RSE teñen como punto de partida coñecer as expectativas dos grupos de interese, minimizar os riscos asociados á actividade (á marxe dos financeiros) e positivar os impactos da actividade, tanto económicos coma sociais e ambientais.

COMO FAI RSE UNHA PEME?

A peme, comparada cunha grande empresa, é máis vulnerable ás necesidades de financiamento, ao comportamento do seu persoal, ao servizo dos seus provedores...; en definitiva, ao comportamento dos seus grupos de interese. Por iso debe establecer alianzas máis duradeiras e sustentables, porque non ten a capacidade de presión das grandes empresas nas negociacións. Pero, ademais, como axente social, a empresa pequena ou mediana pode implicarse mellor ca unha grande no desenvolvemento da comunidade na que opera e responsabilizarse do seu papel como motor de cambio. Polo tanto, unha peme si pode facer RSE, aínda que esta será diferente á dunha grande empresa.

POR ONDE SE PODE EMPEZAR A IMPLANTAR A RSE?

Pode ocorrer que, dentro da empresa, se estean a realizar accións de RSE e que isto se descoñeza polo simple feito de que non se fan baixo unha política concreta de RSE. O primeiro paso recomendable é facer un diagnóstico na organización para identificar esas posibles accións que xa se estarían levando a cabo. Hai para iso ferramentas de diferente grao de utilidade e facilidade de aplicación, e algunhas delas recóllense nesta guía. Tamén se pode contratar unha empresa externa e experta nestes temas para que realice o diagnóstico. Con esta guía as empresas poderán ter unha orientación de cara a lle dar prioridade a determinado tipo de actividades, en función das ferramentas dispoñibles e das características do sector.

É CERTIFICABLE A RSE?

Existen certificacións asociadas a dimensións específicas da RSE; por exemplo, pódese certificar o sistema de xestión, un modelo de compras responsables, o desenvolvemento de políticas de igualdade e non discriminación, a información incluída nunha memoria de sustentabilidade ou a medición do impacto ambiental, pero non se pode certificar de maneira integral a RSE. O comportamento responsable dunha organización e dos seus membros virá lexitimado polos seus grupos de interese, aínda que algunhas certificacións, estándares internacionais ou selos axudan a comparar resultados e a poder comunicar esa responsabilidade.

CALES SON OS DOCUMENTOS DE XESTIÓN DE RSE MÁIS COÑECIDOS?

Cada empresa, segundo os riscos da súa actividade, do seu tamaño ou dos países ou rexións onde opere, pode desenvolver diferentes protocolos de xestión e actuación.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

Unha peme pode facer RSE,
aínda que esta será diferente
á dunha grande empresa

O comportamento responsable
dunha organización e dos seus
membros virá lexitimado polos
seus grupos de interese, aínda
que algunhas certificacións,
estándares internacionais ou
selos axudan a comparar resul-
tados e a poder comunicar
esa responsabilidade



01. PREGUNTAS E RESPÓSTAS: “ATANDO CABOS”

Os documentos máis estendidos son os códigos de conduta, os protocolos anticorrupción e os protocolos de bo goberno corporativo. Todos eles son complementarios e non excluíntes. O código de conduta, por exemplo, é unha declaración expresa da política, dos valores ou dos principios en que se inspira o comportamento dunha empresa no que incumbe ao desenvolvemento dos seus recursos humanos, á súa xestión ambiental e á súa interacción cos consumidores, cos clientes, cos gobernos e coas comunidades nas que desenvolve a súa actividade.

COMO COMUNICAN AS EMPRESAS AS SÚAS ACCIÓNS DE RSE?

Xeralmente, as empresas adoitan dar a coñecer as súas accións de RSE ou informar sobre a evolución dos seus indicadores de desempeño a través da memoria de sustentabilidade.

QUE É UNHA MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE?

A memoria de sustentabilidade (tamén coñecida como memoria de RSE ou tripla conta de resultados) é un documento público para que a empresa lles dea a coñecer aos seus grupos de interese, e ao público en xeral, os seus valores, as accións desenvolvidas en materia de RSE e os seus obxectivos de mellora. Definir desde o inicio a quen e como se vai comunicar a memoria resulta fundamental; por iso, no punto 4 desta guía “As ferramentas que nos dá a RSE para a xestión”, danse claves para a súa elaboración. As memorias de sustentabilidade dan información a través dos indicadores de desempeño.

QUE SON OS INDICADORES DE DESEMPEÑO?

Os indicadores de desempeño son “números” que nos axudan a medir o noso impacto. Poden ser económicos, sociais ou ambientais. Exemplo de indicadores do desempeño económico dunha empresa pode ser a cifra de vendas ou a relación salarios/salario mínimo profesional; do mesmo xeito, son indicadores de desempeño social as horas ou os recursos económicos dedicados á formación dos traballadores ou á relación salarial home/muller dentro da organización; e un indicador de desempeño ambiental pode ser a taxa de reciclaxe de papel ou o número de multas. Por exemplo, para unha empresa conserveira de peixes e mariscos, serían indicadores de desempeño a porcentaxe de provedores con certificación ambiental ou a porcentaxe de produtos elaborados con materias primas con algún selo de sustentabilidade.

Os indicadores, ademais de cuantitativos, tamén poden ser cualitativos. Estes adoitan medir intanxibles, como as opinións e as percepcións que mostren o compromiso da organización cara á xestión sustentable e responsable².

CANTO CUSTA A RSE?

Como veremos máis adiante, existen multitude de “camiños” cos que entrar na RSE. O custo económico dependerá do punto de partida e do grao de implicación que se desexe ou que se necesite. En calquera caso, o compromiso da alta dirección é imprescindible para a implantación con éxito de calquera iniciativa no ámbito da RSE e débese prever destinar recursos financeiros, tempo e persoal para a súa adecuada implantación.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

A memoria de sustentabilidade é un documento público para que a empresa dea a coñecer as accións desenvolvidas en materia de RSE e os seus obxectivos de mellora

O compromiso da alta dirección é imprescindible para a implantación con éxito de calquera iniciativa no ámbito da RSE



2. Para máis información sobre indicadores pode visitar a páxina de [Global Reporting Initiative \(GRI\)](#).

01. PREGUNTAS E RESPÓSTAS: “ATANDO CABOS”

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

É O MESMO RSE CA ACCIÓN SOCIAL?

Non. Ambas teñen puntos en común e, en determinados ámbitos, dilúense os límites que as separan, pero son enfoques de moi distinta natureza. Aínda que a acción social pode ser allea á actividade da empresa (patrocinio de eventos deportivos ou doazóns), non podería pasar o mesmo coa RSE. Esta abrangue accións para mellorar as relacións cos provedores; por exemplo, reducir o impacto ambiental. Pero, ademais, as actividades que se levan a cabo baixo as políticas de RSE deben estar aliñadas coa actividade e cos obxectivos estratéxicos da empresa.

RSE e acción social teñen puntos en común e, en determinados ámbitos, dilúense os límites que as separan, pero son enfoques de moi distinta natureza

QUE É A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E QUE RELACIÓN TEN COA RSE?

A cooperación ao desenvolvemento comprende o conxunto de actuacións que pode realizar a empresa co propósito de promover que o progreso económico e social global sexa sustentable e equitativo. Estas actuacións, cando as levan a cabo iniciativas privadas, adoitan facerse baixo o paraugas da súa estratexia de RSE. Esta cooperación pode facerse, por exemplo, intercambiando coñecemento con organismos do mesmo sector pero noutras rexións, de maneira que se axude ao seu impulso económico.

A innovación social ou innovación compartida refírese ó aproveitamento da innovación e a posta en marcha de novas ideas que satisfagan obxectivos sociais e que afecten positivamente o maior número de persoas

AS CERTIFICACIÓNS ISOS, OHSAS, BRC... SON RSE?

Neste punto non hai unha postura clara por parte das institucións que promoven a responsabilidade social. Certamente, estas certificacións ambientais, de calidade, de seguridade dos traballadores ou de seguridade alimentaria, son voluntarias e máis esixentes que a lexislación. Pero, doutra banda, están suficientemente estendidas como para que se poidan considerar “requisitos case obrigatorios”. Ademais, son estándares, non responden ás particularidades de cada empresa. Considerar estas certificacións como iniciativas de RSE ou non dependerá do contexto de cada empresa e da participación dos grupos de interese neses procesos.

QUE RELACIÓN HAI ENTRE I+D+I E RSE?

A innovación é unha estratexia empresarial que, desde un punto de vista de “signo de progreso”, quere xerar cambios sociais e económicos, polo que comparte puntos de vista importantes coa RSE. Son actividades complementarias, na medida en que ambas requiren de diálogo con grupos de interese, son voluntarias e veñen definidas pola estratexia da empresa. Considérase en liñas xerais que o diálogo con grupos de interese, que se articula a través dunha política de RSE, é fonte de innovación para a empresa³. Tamén se empeza a falar xa de innovación social ou innovación compartida para se referir ao aproveitamento da innovación e á posta en marcha de novas ideas que satisfagan obxectivos sociais e que afecten positivamente o maior número de persoas. Máis ca afirmar se a innovación é RSE, pódese dicir que ambas comparten obxectivos e que se potencian a unha á outra.

QUE TIPO DE ACCIÓNS DE RSE PODE FACER UNHA EMPRESA CONSERVEIRA?

O sector da conserva é un sector ao que se lle supón un impacto ambiental (pola orixe das materias primas e polo proceso produtivo) e que está altamente feminizado. Nesta liña poden considerarse accións de RSE as iniciativas voluntarias para mellorar, máis alá da lexislación, o impacto ambiental, ou os requisitos para coñecer a orixe das materias primas, e para velar por unha pesca sustentable.

3. Para máis información pódese consultar o caderno de Forética “[Innovación e responsabilidade social empresarial](#)”.

01. PREGUNTAS E RESPÓSTAS: “ATANDO CABOS”

Medidas de conciliación da vida persoal e laboral, plans de igualdade e outras políticas internas son claves igualmente no sector das empresas da conserva de peixes e mariscos.

A QUE SE LLE DENOMINA CADEA DE VALOR?

A cadea de valor dun produto considera todas as fases que implican a elaboración dun produto coma os elos dunha cadea de actividades que lle van engadindo valor ao devandito produto a medida que este pasa por cada unha delas. A cadea de valor vai desde a obtención de materia prima, ata a venda e a distribución do produto final. No ámbito da RSE, o concepto está intimamente ligado á cadea de subministración e enténdese que esta non só inclúe o fabricante e o proveedor, senón tamén os transportistas, almacenistas, vendedores ao detalle e mesmo o propio cliente final.

QUE É A PEGADA DE CARBONO E POR QUE SE MIDE?

A pegada de carbono é un indicador de impacto ambiental amplamente recoñecido. A pegada de carbono mídese en masa de CO₂ equivalente. A importancia de coñecer a pegada de carbono do noso produto radica en que, unha vez coñecido o dato, se poden tomar medidas e implementar unha estratexia de redución e/ou compensación de emisións.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

A cadea de valor refírese a todas as actividades da empresa que lle van engadindo valor ao produto





02 PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR

ENLATAR A MEDIDA

02. PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR : “ENLATAR A MEDIDA”

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

Na actualidade, atopamos multitude de iniciativas promovidas tanto por administracións públicas coma por organizacións privadas e ONG que poden axudar ás empresas a introducirse no mundo da RSE. Como norma xeral, as pemes poden acollerse a estas iniciativas de maneira que lles facilite o camiño de incorporación de criterios de RSE na súa xestión. Seleccionamos os proxectos que, ben pola súa relación co sector, por estar enfocados a pemes, ou ben pola súa versatilidade, poden resultar de utilidade para establecer os primeiros pasos en materia de RSE.

Tras a enumeración destes proxectos, destacamos as principais institucións públicas e privadas que poden orientar as pemes nos procesos de incorporación e de mellora das súas políticas de responsabilidade social, ou como axentes de consulta e apoio.

02.01 PROXECTOS

Cada proxecto vai acompañado dunha serie de iconas para a súa clasificación. O significado destas iconas é o seguinte:

-  Específica para PEME
-  Calquera tamaño
-  Gratuíto
-  De pago
-  Específico sector
-  Multisectorial
-  RSE en xeral
-  Medio
-  Organización
-  Compras responsables

PROXECTO CARBONPEDIA



Proxecto da Fundación Ecoloxía e Desenvolvemento (Ecodes), que conta coa colaboración do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través de Fundación Biodiversidade.

Carbonpedia é unha base de datos aberta sobre a pegada de carbono tanto de entidades e de produtos coma de eventos, centrada no ámbito español. O obxectivo do proxecto é favorecer a recompilación, a comunicación e a difusión da pegada de carbono como medida para mellorar a transparencia das entidades (tanto públicas coma privadas) en canto á súa política climática.

BUSCADOR DE BOAS PRÁCTICAS EN ECODESEÑO DE ECOEMBES



Ecoembes pon á disposición das súas empresas adheridas este buscador para que poidan acceder a identificar oportunidades de mellora nos seus envases. Atopará máis de 500 casos prácticos de prevención a partir das medidas

02. PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR : “ENLATAR A MEDIDA”

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

achegadas polas empresas que participan nos plans de prevención. Dentro das categorías existe unha sección específica para as conservas de peixe e marisco.

COMISIÓN PARITARIA DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E NON DISCRIMINACIÓN



En relación coa igualdade de oportunidades e non discriminación, o convenio colectivo do sector, na súa disposición adicional cuarta, recolle a Comisión Paritaria de Igualdade de Oportunidades e Non Discriminación e, deste xeito, dálle continuidade a unha comisión creada inicialmente no ano 2006. Esta comisión constituíuse formalmente o 14 de maio de 2013 e, entre as súas funcións, está a de fixar as medidas de igualdade e sistemas de seguimento e avaliación para todas as empresas que decidan implantar plans de igualdade, a pesar de que tal obrigatoriedade recaia unicamente por lei nas empresas de máis de 250 traballadores. A través de Anfaco-Cecopesca, calquera empresa pode dirixirse a esta comisión paritaria e expor calquera dúbida ou consulta que teña, sen obviar as funcións que ten a Comisión Paritaria en materia interpretativa.

REDE RESTAURAMAR DA FUNDACIÓN LONXANET



A Rede de Restauradores e Restaurantes pola Conservación do Mar é unha iniciativa da Fundación Lonxanet para a Pesca Sustentable, recollida no seu plan estratéxico como liña que se ha seguir para xerar alianzas entre os axentes do sector da comercialización dos produtos procedentes do mar. As empresas conserveiras como elo da canle de comercialización dos produtos pesqueiros poden selar o seu compromiso coa pesca sustentable e co consumo responsable adheríndose a esta iniciativa. Na súa web pode atoparse o código ético e outra información útil deste proxecto.

FERRAMENTA XUNTA PRO-RSE




A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dunha ferramenta informática que lles facilita ás empresas introducir a xestión da RSE nas súas estratexias e operacións. Esta ferramenta pioneira resulta útil tanto para as empresas que non se iniciaron nesta materia, xa que lles permite elaborar un diagnóstico, coma para aquelas que xa teñan un percorrido en RSE. A través da ferramenta, deseñada para calquera tamaño de empresa de calquera sector, as empresas poderán visualizar os indicadores das súas propias actuacións, en materia sociolaboral, ambiental e económica, seguindo diversos estándares, nacionais e internacionais que promoven a RSE.

Ademais, XUNTA PRO-RSE permite ás empresas coñecer, en todo momento, o estado das súas actuacións e o nivel de cumprimento destas, de acordo cos seus obxectivos en materia de responsabilidade social empresarial. Esta ferramenta está dispoñible de forma gratuíta na súa web.

ISO 26000 GUÍA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL



É unha guía que establece liñas de actuación, recomendacións e propostas en materia de responsabilidade social, pero non é unha norma certificable. Serve como folla de ruta na implantación ou na orientación de medidas de RSE.



02. PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR : “ENLATAR A MEDIDA”

Está deseñada para empresas de calquera tamaño. A asociación internacional Normapme (creada en 1996 co apoio da Comisión Europea) editou unha guía de aplicación para pemes da norma ISO 26000 que pode ser de utilidade. Está dispoñible en castelán.

PROGRAMA DE ASISTENCIA PARA O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA AMBIENTAL PARA PEME (ECAP)



Iniciativa da Unión Europea cuxa finalidade é facilitarlle á peme o cumprimento das súas obrigacións e mellorar o seu rendemento ambiental. Pon á disposición das empresas información sobre posibles fontes de financiamento para adaptarse á normativa ambiental, mellores prácticas, noticias e seminarios. A web está dispoñible en castelán.

PORTAL ECOSMES



É un proxecto financiado pola Comisión Europea. Este portal web ofrece información, ferramentas e servizos para desenvolver e comercializar “produtos verdes”. Dentro deste proxecto, desenvolveuse unha clasificación de produtos baseada nos resultados obtidos por diferentes tipos de ecoetiquetas, co obxectivo de coñecer cal é o tipo de ecoetiqueta máis adecuada para cada tipo de produto. O portal web está dispoñible en castelán e en inglés, aínda que non toda a información está traducida.

SEDEX



Sedex é unha organización británica sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é posibilitar melloras nas prácticas comerciais responsables e éticas das cadeas de subministración de todo o mundo. Ofrece un modo simple e eficaz de xestionar prácticas éticas e responsables na cadea de subministración. A súa principal achega é unha base de datos que permite aos membros almacenar, compartir e xerar informes sobre 4 áreas clave: normativas laborais, prevención de riscos laborais, o medio e a ética comercial. A web está dispoñible en castelán, aínda que as ferramentas que ofrece son só para membros da organización. As tarifas están dispoñibles na mesma web.

PORTAL SUSTAINABLE SUPPLY CHAINS



É un portal impulsado polo Pacto Mundial de Nacións Unidas, en colaboración con CSR Europe, que pretende facilitar o acceso á información e a ferramentas relevantes sobre cadeas de subministración sustentables e á posta en común de iniciativas e boas prácticas. A xestión da cadea de subministración enfócase desde o cumprimento dos dereitos humanos, aspectos laborais, ambientais e prevención da corrupción. Está dispoñible só en inglés.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS



02. PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR : “ENLATAR A MEDIDA”

RSE

SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

PORTAL RESPONSIBLE SUPPLY CHAIN MANAGEMENT



Colección de materiais de libre acceso para axudar á aplicación de políticas de responsabilidade social corporativa na cadea de subministración. Inclúe casos prácticos, exemplos de listas de control e cuestionarios a provedores, entre outros documentos de interese. A web está en inglés.

SUSTAINABLE FISHERIES PARTNERSHIP



SFP é unha organización norteamericana especializada en responsabilidade social corporativa en materia pesqueira cuxa misión é manter e recuperar a saúde dos océanos e sistemas acuáticos, mellorando a pesca e a acuicultura para asegurar a dispoñibilidade futura dos recursos. SFP colabora cos procesadores e coas cadeas de distribución na definición de políticas de sustentabilidade pesqueira e facilita a posta en marcha e a coordinación de proxectos de mellora de pesqueiras, establecendo accións prácticas que lles permiten aos seus colaboradores liderar a recuperación daquelas pesqueiras que non alcancen os criterios/requisitos de sustentabilidade desexados. SFP pon á disposición das empresas a base de datos FishSource, de acceso gratuito, na que se poden consultar as condicións en materia de sustentabilidade das pesqueiras das que se abastece. Ademais, pode apoiar as empresas na coordinación sectorial (actores involucrados na cadea de subministración) para a identificación de intereses comúns en materia de sustentabilidade e na posta en marcha de accións de mellora nas pesqueiras fonte de subministración.

PROXECTOS DE ACCIÓN SOCIAL RELACIONADOS CO SECTOR

Para colaborar con proxectos de ONG ou de acción social pódese consultar a páxina de [Cooperación Galega](#). Este portal, que é un foro de encontro e un espazo de divulgación da cooperación galega, foi posto en marcha pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia. Cooperación Galega é a ferramenta a través da cal Galicia canaliza as súas accións en prol do desenvolvemento. Tamén se pode consultar a [Coordinadora Galega de ONG](#), que agrupa organizacións galegas que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, a acción humanitaria de emerxencia e a educación para o desenvolvemento. Para elixir un proxecto ou unha ONG, recomendamos visitar a páxina de [Fundación Lealtad](#), xa que nela se pode acceder a información independente e obxectiva sobre as ONG que axude a decidir coa que colaborar e posibilita, ademais, facer un seguimento das doazóns. Esta información baséase nas análises de transparencia que a fundación lles fai de forma gratuita a aquelas ONG que voluntariamente o solicitan.



02. PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR : “ENLATAR A MEDIDA”

OUTROS PROXECTOS DE INTERESE

GRUPO DE REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL EN MATERIA DE RSE

En xullo de 2012, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia impulsou este proxecto co obxectivo de que as pemes galegas aprendan a levar a cabo accións e políticas de RSE dentro da súa estratexia empresarial da man das grandes empresas galegas, que poden orientalas e axudalas neste labor. Trátase dunha iniciativa pioneira, tanto en Galicia coma no Estado, xa que é a primeira vez que se inclúen medidas como a tutela das grandes empresas ás pemes e, derivado desa tutela, o desenvolvemento de axendas de traballo comúns adaptadas ás realidades das pequenas e medianas empresas. Entre as empresas grandes que van tutelar as pemes atópanse empresas do sector conserveiro e de produtos do mar, como Grupo Calvo ou Congalsa.

RED TRANSREXIONAL DE IMPULSO DA RSE

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, impulsou en 2012 unha rede transrexional, co que estableceu un novo modelo de iniciativas de promoción da RSE entre as empresas. Na Rede Transrexional de Impulso da RSE participan como socios xunto á Xunta o Goberno de Navarra, o Cabido Insular de Tenerife e Uniminho/Associação do Vale do Minho Transfronteiriço. Entre as actividades do proxecto destacan:

- Accións formativas en liña dirixidas a xerentes e a directivos de empresas.
- Organización de reunións de traballo con empresas para identificar melloras na promoción da RSE.
- Creación dun banco de experiencias prácticas en RSE.

Máis de 800 empresas beneficiáranse das actividades desta iniciativa que se desenvolven nas 4 rexións adheridas á rede (Galicia, Navarra, Tenerife e Val do Minho, no norte de Portugal).

INFORME ARDÁN 2013. DIAGNÓSTICO DA RSE EN GALICIA

Ardán é un servizo de información empresarial desenvolvido desde o Departamento de Servizos Avanzados do Consorcio da Zona Franca de Vigo. Creouse no ano 1989 e a súa misión principal é facerlle chegar ao público xeral información empresarial cun alto valor engadido. No seu informe de 2013, Ardán incorpora un diagnóstico da RSE e unha serie de reportaxes sobre boas prácticas nalgunha das dimensións da RSE de dez empresas galegas. Estas boas prácticas, xa en marcha, poden servir de referente para adaptar un modelo de RSE que xa estea a funcionar. Ademais, o informe recolle de forma resumida os principais conceptos e ferramentas que existen en materia de RSE.

02.02 INSTITUCIÓNS

Neste punto, destacamos as principais institucións públicas e privadas que impulsan a RSE e que operan en Galicia, en España e no resto do mundo. Centrarémonos en organizacións que poidan axudar as pemes galegas a atopar información útil, a incorporar criterios de RSE ou a comunicar as súas accións e boas prácticas na materia.

PORTAL RSE DA XUNTA DE GALICIA

Mediante este portal web específico, a Xunta de Galicia realiza accións de difusión da RSE, pon á disposición publicacións de interese e recomendacións, atende consultas na materia, etc. Pode servirllle de axuda á peme á hora de

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

O Grupo de Representación Empresarial en materia de RSE impulsa un proxecto no que grandes empresas galegas tutelan a pemes, tamén galegas, en materia de RSE

O Informe Ardán 2013 destaca nun especial a importancia da RSE, cun diagnóstico e algúns exemplos de como as empresas galegas apostan e xestionan a súa RSE

A través do portal RSE da Xunta de Galicia realízanse accións de difusión da RSE e póñense á disposición publicacións de interese e, ademais, aténdense consultas relacionadas coa materia

02. PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR : “ENLATAR A MEDIDA”

orientar os primeiros pasos na implantación a través das recomendacións da web ou das publicacións específicas. Este portal alberga o Observatorio de RSE, que leva a cabo diagnósticos semestrais sobre a RSE en Galicia que serven para coñecer o seu avance na Comunidade Autónoma galega.

FORÉTICA

Forética é unha asociación española de empresas e profesionais da RSE que ten como misión fomentar a cultura da xestión ética e a responsabilidade social dotando as organizacións de coñecemento e ferramentas útiles para desenvolver con éxito un modelo de negocio competitivo e sustentable. Promove a norma certificable SGE21, de sistema de xestión responsable. Ofrécelles aos seus socios servizos de asesoramento en materia de RSE e publicacións e investigacións relacionadas. A través da súa páxina web, pódese acceder a multitude de publicacións e a información sobre eventos e actividades.

CONSELLO ESTATAL DE RSE (CERSE)

O Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas (CERSE), do que Galicia forma parte, é un órgano adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social que ten un carácter asesor e consultivo. Está encargado do impulso e do fomento das políticas de responsabilidade social das empresas e constitúese no marco de referencia para o desenvolvemento desta materia en España.

REDE ESPAÑOLA DO PACTO MUNDIAL

O Pacto Mundial é unha iniciativa internacional proposta pola ONU. O seu obxectivo é conseguir un compromiso voluntario das entidades por medio da implantación de dez principios baseados en dereitos humanos, laborais, ambientais e de loita contra a corrupción. Este compromiso realízase a través da incorporación á Rede Española do Pacto Mundial. As empresas asinantes do Pacto Mundial dispoñen dunha ferramenta na web a través da cal pode elaborar un informe de progreso, equiparable a unha memoria de sustentabilidade.

OBSERVATORIO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (ESTATAL)

De carácter estatal, o observatorio é unha asociación integrada por diferentes organizacións representativas da sociedade civil, tales como ONG, organizacións de consumidores ou sindicatos. O seu obxectivo é constituírse como plataforma de discusión e de intercambio de información e ideas sobre RSC. Tamén ofrece formación específica sobre RSE.

A FUNDACIÓN ÉTNOR

A Fundación Étnor para a ética dos negocios e as organizacións, con sede central en Valencia, promove o estudo, o desenvolvemento e a difusión da ética económica e empresarial, así como o respecto dos comportamentos éticos e os valores morais na actividade empresarial e organizativa. A través da súa web, pódese acceder a unha extensa e completa base de datos sobre publicacións, artigos e investigacións en materia de RSE.

CLUB DE EXCELENCIA EN SUSTENTABILIDADE

É unha asociación empresarial española composta por un grupo de grandes empresas que apostan polo crecemento sostido desde o punto de vista económico, social e ambiental, coa intención de servir de foro de diálogo, plataforma de contraste e difusión de boas prácticas para o desenvolvemento sustentable.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

As empresas asinantes do Pacto Mundial dispoñen dunha ferramenta na súa web a través da cal poden elaborar un informe de progreso, equiparable a unha memoria de sustentabilidade

A Fundación Étnor dispón dunha extensa e completa base de datos sobre publicacións, artigos e investigacións en materia de RSE

02. PROXECTOS, INICIATIVAS E INSTITUCIÓNS QUE PODEN AXUDAR : “ENLATAR A MEDIDA”

GLOBAL REPORTING INITIATIVE (GRI)

GRI é unha organización internacional, sen ánimo de lucro, con base en Ámsterdam, que promove a sustentabilidade económica, ambiental e social. Ofrécelles a todas as empresas e organizacións un conxunto de ferramentas para elaborar informes de sustentabilidade completos. Pódese acceder ás guías para a elaboración das memorias, así como aos suplementos sectoriais, a través da súa web. Non todos os documentos están en español, aínda que si a maioría.


ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL (DIRSE)

A asociación fúndase en abril de 2013 co fin de dar apoio, promoción, formación permanente e recoñecemento profesional á función específica e singular que desenvolven os directivos e profesionais de responsabilidade social en sociedades, institucións, asociacións, fundacións e en calquera outro tipo de organización, xa sexa pública ou privada.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

DIRSE nace co fin de dar apoio, promoción, formación permanente e recoñecemento profesional á función específica e singular que desenvolven os directivos e os profesionais de responsabilidade social nas organizacións



03 SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR

—
CONSERVARSE

03. SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR: “CONSERVARSE”

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

A seguir, imos contextualizar as ferramentas de RSE que veremos no seguinte capítulo. Para iso, expoñeremos o panorama actual en que se atopa o sector, avalado polos resultados dunha enquisa sobre implantación e coñecemento da RSE que se lles realizou ás empresas do sector durante 2013. Tamén faremos un breve resumo de iniciativas públicas, iniciativas privadas e boas prácticas que lles poden resultar útiles ás organizacións. Todo iso axudará a centrar e a entender as ferramentas seleccionadas no seguinte capítulo e a súa utilidade para as empresas conserveiras galegas de peixes e mariscos.

03.01 CONTEXTO ACTUAL DO SECTOR

Como xa fomos anticipando ao longo da guía, a RSE ten múltiples dimensións e áreas de aplicación e é importante definir ben por onde empezar. Para iso debemos coñecer o contexto no que as pemes conserveiras desenvolven a súa actividade, as tendencias de consumo e identificar as características do sector que, sen dúbida, orientarán as accións de RSE. O obxectivo deste capítulo é, polo tanto, sinalar de maneira resumida as características sectoriais que condicionan o enfoque que unha empresa conserveira de peixes e mariscos lle pode outorgar á súa RSE. Cada actividade ten asociados uns riscos específicos e a RSE axudará a neutralizalos ou a minimizalos.

A estratexia do sector está actualmente marcada polo Plan estratéxico da industria conserveira de Galicia 2007-2013, que busca potenciar a concentración empresarial e asentar a posición de liderado internacional que este sector posúe no mundo. Este plan foi elaborado por Cetmar e ten un horizonte temporal de cinco anos, o que coincide co período das axudas do Fondo Europeo da Pesca.

Segundo os datos dispoñibles de 2012, en España o sector conserveiro do peixe e do marisco goza de boa saúde, en comparación, por exemplo, coas conservas de vexetais. O valor de produción española de conservas e semiconservas de peixes e mariscos foi de 1.484 millóns de euros, un 84% en Galicia (1.252 millóns de euros). A produción sufriu un descenso dun 3,1%, cun incremento do seu valor dun 5,6% con respecto ao ano anterior. No que se refire ás exportacións totais, diminuíron en 2012 nun 5,80% e o seu valor sufriu un lixeiro incremento do 0,60%. Con relación á comunidade galega, o sector industrial e transformador de conservas de peixes e mariscos exportou durante o ano 2012 un volume total de 123.080 toneladas de preparados, conservas e semiconservas de peixes e mariscos, que adquiriron un valor de 535.613.000 euros, o que supuxo un descenso do 4,091% en volume, pero un incremento do 4,17% do seu valor. Se reparamos por provincias galegas, son A Coruña e Pontevedra as que realizan a case totalidade das exportacións galegas de produtos pesqueiros, e foi A Coruña a primeira na exportación de conservas e preparados, con máis do 65% en volume e valor, mentres que Pontevedra é a maior exportadora do resto dos produtos.

En volume, as conservas de túnidos son o principal produto elaborado pola industria conserveira de produtos do mar e da acuicultura e representa case o 68,7% do total, seguido do grupo das sardiñas/xoubas (7,73%), das demais conservas (7,35%) e das conservas de cabala, cun 4,46%.

En valor, volven ser as conservas de túnidos o produto estrela da industria conserveira de produtos do mar e da acuicultura, que representa o 59% do total, seguido do grupo dos mexillóns (7,49%), berberechos e sardiña/xouba, cun 6,46%.

Todas as empresas galegas consultadas avanza na minimización de emisións, aforro de auga e enerxía consumida no proceso



03. SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR: “CONSERVARSE”

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

Con relación ás tendencias de consumo, debemos prestarlles atención aos comportamentos do consumidor relacionados co consumo responsable e en que se traduce este comportamento. Segundo o Informe Forética 2011, a discriminación negativa convértese na principal manifestación de consumo responsable. Un 45% da cidadanía recoñece que deixa de comprar algún produto ou servizo por considerar que a empresa fabricante ou distribuidora realiza prácticas pouco responsables. Isto supón un avance importante con respecto a 2008, que se situaba no 37%. As principais familias de produto suxeitas a este tipo de prácticas de discriminación negativa son aquelas de maior frecuencia de compra ou uso, e de carácter cotián. En canto aos principais motivos que levan o consumidor a deixar de mercar, atopamos a explotación infantil, un mal servizo ao cliente, o dano ao medio ou a falta de calidade de produto.

Outro estudo do Club de Excelencia en Sustentabilidade reforza esta idea e recolle que aos consumidores lles importa a procedencia dos produtos.

03.02 RSE NO SECTOR

Durante xullo e agosto de 2013, Anfaco-Cecopesca, en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, divulgou unha enquisa ás súas empresas asociadas para diagnosticar o grao de coñecemento e implantación da RSE nas empresas galegas do sector. Este diagnóstico serviu para centrar os temas e as ferramentas da presente guía. O cuestionario entregado pódese consultar ao final deste documento, como [anexo I](#).

A enquisa consta de 12 preguntas e distribuíuselles a 46 empresas con razón social en Galicia e CNAE:1022, “Fabricación de conservas de peixe”.

Entendendo a RSE como diálogo cos grupos de interese e tendo en conta que os principais grupos de interese son persoas que traballan na organización, clientes e provedores, preguntóuselles ás empresas por ese diálogo con *stakeholders*. O obxectivo das preguntas era detectar, non só se se coñecen as expectativas destes grupos de interese, senón tamén se estas expectativas se incorporan á xestión e á toma de decisións. Segundo a enquisa realizada, pódese afirmar que en liñas xerais non existen plans de RSE, aínda que si está a empezar a gañar importancia a figura do responsable de RSE.

No referente ás materias primas utilizadas, preguntouse pola orixe das materias primas. Á pregunta “Tómanse medidas para avanzar nas garantías de que a materia prima segue recomendacións de pesca sustentable?”, ningunha organización di que non avanza nesta liña, tanto se a materia prima se obtén a través da frota propia ou a través da compra a provedores. Algunhas fano mediante políticas de compras propias; outras, en cambio, esixen certificacións en normas relacionadas coa pesca sustentable.

No outro extremo da cadea de valor, no relativo ao diálogo cos clientes, claramente o grupo de interese máis estratéxico para as empresas do sector, o 84,6% das empresas que responderon a pregunta afirman que “si se toman medidas concretas en función do resultado da avaliación da satisfacción dos clientes”, do que podemos extraer dúas conclusións. A primeira, que as empresas son conscientes da importancia de coñecer as opinións dos seus clientes; e a segunda, quizais a realmente importante, é que esas opinións, suxestións ou expectativas se incorporan á xestión, o que constitúe un bo indicador do grao de implantación da RSE nestas organizacións.

Detéctase unha sensibilidade cara á orixe da materia prima, tanto se se obtén a través da frota propia ou a través da compra a provedores certificados, xa que todos os enquisados afirman avanzar nesta liña

03. SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR: “CONSERVARSE”

Nesta mesma liña, preguntadas as empresas sobre se se toman ou non medidas concretas en función das achegas e das opinións dos traballadores, todas as empresas que responderon esta pregunta (11 empresas) fixérono afirmativamente. E profundando máis na implantación da RSE interna nestas empresas, preguntouse tamén por outros aspectos da xestión de persoas. Á pregunta “Avalíanse periodicamente as necesidades de formación dos empregados?”, todas contestaron que “Si”. Ás preguntas: “A empresa dispón dunha política que garanta a igualdade de oportunidades no acceso aos postos de traballo, a formación, o desenvolvemento profesional e a retribución, independentemente do xénero?” e “Existen na empresa medidas activas de conciliación da vida laboral e persoal?”, tan só houbo 2 e 3 empresas, respectivamente, que declararon que non incorporaran estas políticas.

Outro aspecto importante da RSE é o impacto na contorna e na comunidade. Isto ten dúas lecturas. Por unha banda, é necesaria a medición para o seguimento dos impactos ambientais e sociais da actividade. Referímonos a aqueles impactos que a empresa non está obrigada a coñecer por lei, senón que por un convencemento de que o impacto debe ser o máis positivo posible ou, se é o caso, por un compromiso de poñer os medios para reducir aqueles que sexan negativos, realiza o seguimento de indicadores de impacto social e ambiental. Preguntadas as empresas por estas medicións, 8 empresas afirman medir estes impactos e 5 afirman non facelo (recolléronse 13 respostas a esta pregunta). Isto é, un 38 % das empresas enquisadas declara non medir nin impactos sociais nin ambientais, e un 62 % mide os impactos ambientais. Isto pode estar relacionado coa traxectoria lexislativa nesta materia, que xa desde hai anos obriga as empresas para incorporar a xestión do impacto ambiental. Relacionado tamén coa contorna, todas as empresas que contestaron a enquisa avanza na minimización de emisións, aforro de auga e enerxía consumida no proceso. En cambio, non hai iniciativas para promover a reciclaxe entre os consumidores. Tampouco se pode falar dun uso xeneralizado de enerxías renovables nos procesos.

Doutra banda, as actividades que son voluntarias e alleas ao puro desenvolvemento da actividade en colaboración con organizacións locais teñen un efecto positivo nesta contorna. Todas as empresas que responderon –14 en total– afirmaron participar dalgunha destas iniciativas: colaboración con ONG ou iniciativas social achegando recursos humanos, coñecemento, patrocinio de eventos deportivos, patrocinio de eventos culturais, achega de diñeiro a proxectos sociais e políticas activas de preservación do medio, máis alá da lexislación. De todas elas, o patrocinio de eventos deportivos é a que ten máis aceptación entre as empresas enquisadas, seguido do patrocinio de eventos culturais.

Unha última perspectiva desde a que coñecer o grao de implantación da RSE na xestión é o coñecemento e o uso de ferramentas dispoñibles. A continuación, mostramos os resultados da pregunta sobre ferramentas que as empresas utilizan na actualidade.

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS


A RSE xa se vai incorporando á xestión das empresas conserveiras de peixes e mariscos, aínda que está nunha fase temperá



03. SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR: “CONSERVARSE”

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

Está incorporada algunha das seguintes iniciativas na xestión da súa empresa?



Como se pode comprobar no gráfico, ningunha empresa ten un sistema de xestión en materia de RSE. As medidas máis incorporadas son os códigos éticos e os códigos de provedores. Doutra banda, as políticas anticorrupción, a análise do ciclo de vida e as memorias de sustentabilidade espertan o interese dos enquisados. Outras ferramentas como a etiqueta ecolóxica europea ou o ecodeseño parece que non están entre as iniciativas de RSE máis interesantes.

Por último, quíxose aproveitar a enquisa para coñecer a opinión dos directivos sobre as tendencias e a futura evolución da RSE. Á pregunta: “Cal cre que será a tendencia do sector?” con relación á innovación e RSE, obtivéronse as seguintes respostas:

- A innovación concentrarase na procura de novos produtos e envases, máis ca en responsabilidade social e sustentabilidade.
- O sector está a incorporar a RSE, polo menos as empresas de gran tamaño, como outra pata dos sistemas tradicionais de xestión empresarial.
- De pouco avance mentres non haxa unha situación económica máis favorable.
- A innovación é crucial para unha empresa que queira manterse viva e a RSE é fundamental no mundo global onde seguirán os que a sociedade valore e, respecto dos que esta valore negativamente, deberán cambiar.

CONCLUSIÓNS SOBRE A RSE DO SECTOR

Sobre a RSE na xestión, podemos deducir que se está tomando conciencia do que é a RSE e o que implica. Quérese avanzar na implantación de ferramentas de RSE, como son política anticorrupción, códigos éticos ou memorias de sustentabilidade.

Os clientes e as persoas que traballan na organización son os grupos de interese cos que a RSE está máis implantada. Isto correspóndese coa importancia que teñen estes colectivos na estratexia de calquera organización.

O feito de que non existan plans de RSE, aínda que si haxa responsable de RSE, é en si unha evolución natural, xa que as empresas adoitan designar primeiro un responsable de RSE e máis adiante desenvolven un plan específico ou un departamento concreto.

Detéctase unha sensibilidade cara á orixe da materia prima, tanto se se obtén a través da frota propia ou a través da compra a provedores certificados, xa que todos os enquisados afirman avanzar nesta liña.

03. SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR: “CONSERVARSE”

Actualmente, podemos dicir que a RSE xa se vai incorporando á xestión das empresas conserveiras de peixes e mariscos, aínda que estea nunha fase temperá.

Actualmente podemos dicir que a RSE ya se va incorporando a la gestión de las empresas conserveras de pescados y mariscos, aunque esté aún en una fase temprana.

03.03 INICIATIVAS GALEGAS EN RSE CON INCIDENCIA NO SECTOR

A seguir, destacamos as iniciativas que se impulsan desde Galicia e que evidencian a importancia que está a adquirir a RSE no tecido empresarial galego. Detállanse iniciativas públicas e privadas que fomentan a divulgación e que axudan á implementación da RSE e das que poden beneficiarse as empresas conserveiras da comunidade. Incluímos tamén casos de boas prácticas empresariais galegas que poidan servir de referente.

INCORPORACIÓN DE OBSERVADORES INDEPENDENTES DURANTE A PESCA: GRUPO CALVO

O Grupo Calvo é unha compañía dedicada á pesca, á produción e á comercialización de conservas de peixe. Ao ser o atún unha especie migratoria, a súa pesca é xestionada por organizacións rexionais de pesca (ORP), que ditan normas de xestión e conservación para estas especies. Algunhas destas ORP controlan as prácticas dos barcos e embarcan observadores científicos nos buques de pesca. Grupo Calvo, por iniciativa propia e voluntaria e recoñecendo o valor desta práctica para o control das actividades de pesca, decidiu estender a presenza de observadores científicos independentes a bordo de todos os seus buques e en todas as viaxes de pesca que realiza, coa finalidade de verificar que as súas capturas fosen realizadas de acordo cos estándares e cos criterios establecidos polas Organizacións Rexionais de Pesca (ORP), encargadas de controlar e de regular a pesqueira do atún tropical.

PROXECTOS SECTORIAIS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Tanto Cetmar coma Anfaco-Cecopesca lideraron e colaboraron en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, como se recolle no [Informe 2012 de Cooperación Galega](#). Por unha banda, Cetmar realizou colaboracións técnicas e cursos de formación para o reforzo de capacidades de pesca e acuicultura en rexións coma Centroamérica e o Caribe e en países coma Perú, Mozambique e Namibia. Nesta mesma liña, Anfaco-Cecopesca tamén impulsou o proxecto Diversificación da actividade acuícola con boas prácticas sustentables de transformación primaria, para pescadores e as súas familias do litoral de Sechura (Perú), financiado en parte pola Xunta de Galicia e que finaliza en novembro de 2013.

PROXECTO ECOSON DA ÁREA DE I+D+I DE ANFACO-CECOPESCA

Financiado pola Xunta de Galicia, este proxecto traballa no deseño e no desenvolvemento dun novo sistema de procesado e conservación baseado na tecnoloxía de ultrasóns, como alternativa aos tratamentos de pasteurización e esterilización tradicionais, que é moito máis eficiente desde o punto de vista enerxético e ten un impacto reducido sobre o contido nutricional e sobre a calidade dos produtos pesqueiros. Os resultados obtidos ata a data son prometedores e abren a porta a unha mellor conservación deste tipo de alimentos e a un incremento da súa calidade e supón, ademais, unha redución do tempo de proceso. Esta diminución podería traducirse nun aforro enerxético de fuel ao ano para o sector transformador, o que implicaría un aforro importante en custos.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

Hai exemplo de boas prácticas, voluntarias, que as empresas do sector levan a cabo no seu compromiso coa sustentabilidade

Dende Galicia, lideráronse e financiáronse proxectos de cooperación ao desenvolvemento relacionados coa pesca e coa acuicultura, en Centroamérica, no Caribe e nalgúns países africanos

03. SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR: “CONSERVARSE”

PROXECTO EUROPEO INDUFOOD DA ÁREA DE I+D+I DE ANFACO-CECOPESCA

Anfaco-Cecopesca lidera o proxecto Europeo Indufood, financiado polo Programa LIFE+ e no que participan ademais as empresas galegas Hermasa e GH Electrotermia, SA, que ten por obxecto desenvolver novos sistemas de tratamento térmico aplicables á industria alimentaria baseados na tecnoloxía de indución, que permitan reducir ao redor dun 20 % as emisións de GEI e aforrar un 30 % de consumo enerxético.

03.04 CONCLUSIÓNS DO CAPÍTULO

Unha vez repasado o contexto económico e algunhas características do consumo, así como a situación da RSE no sector, pasemos a resumir as características que identifican o sector conserveiro de peixes e mariscos con relación á responsabilidade social e pódennos axudar a elixir as ferramentas ou a definir a estratexia de RSE.

- Son polo xeral empresas familiares de tamaño pequeno-mediano cuxos principais mercados son a hostalería e comercio, e cun elevado número de mulleres traballadoras (79% da man de obra), o que condiciona as normas, os documentos e as políticas que lles poden ser máis útiles.
- Ao tratarse de peixes e mariscos, hai que ter en conta que a seguridade alimentaria e a sustentabilidade dos caladoiros son aspectos fundamentais da actividade e, polo tanto, condicionan as políticas de RSE que se queiran desenvolver.
- A orixe da materia prima e do método de obtención é un asunto cada vez máis sensible para o consumidor. Esta crecente sensibilidade dos consumidores ante temas como a pesca sustentable, o esgotamento dos caladoiros ou o comportamento das empresas españolas noutros países pode derivar nunha discriminación negativa por parte do consumidor final, se non se conta coas ferramentas adecuadas para neutralizar un risco reputacional do sector ou da marca. En cambio, unha adecuada comunicación sobre un compromiso real coa sustentabilidade pode derivar nunha discriminación positiva do consumidor cara aos nosos produtos.
- A etiquetaxe e a información que se incorpora é un asunto moi regulado. Dando por feito que se cumpre a lexislación, incorporar outra información pode ser non só unha iniciativa de RSE en si, senón unha canle de comunicación doutras políticas de RSE da empresa. A empresa pode optar por dar máis información da requirida que poida ser de interese para os consumidores.
- O ciclo de vida do produto completo, desde a obtención da materia prima ata o estoxado e a súa distribución e venda, ten un impacto ambiental, sobre todo, en relación cos residuos e coas emisións do proceso produtivo. As empresas poden profundar neste aspecto para definir a súa política de RSE.
- Crece a importancia da exportación para a supervivencia e o crecemento do sector. Cada país de destino pode ter diferentes requirimentos de índole social ou ambiental, que supoñen unha diferenciación competitiva ante provedores doutros países.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

Crece a importancia da exportación para a supervivencia e o crecemento do sector. Cada país de destino pode ter diferentes requirimentos de índole social ou ambiental, que supoñen unha diferenciación competitiva ante provedores doutros países

Incorporar outra información, ademais da esixida pola lei, á etiquetaxe pode ser unha iniciativa de RSE en si e unha canle de comunicación doutras políticas de RSE da empresa

03. SITUACIÓN DA RSE NO SECTOR: “CONSERVARSE”

- O I+D+i no proceso transformador resulta clave e a RSE é unha fonte de innovación, xa que permite incorporar as necesidades de grupos de interese, así como fortalecer alianzas con eles. Isto repercutirá na innovación encamiñada a mellorar a calidade do produto, xa que a alimentación sa é un aspecto fundamental da saúde humana ligado á calidade dos produtos alimenticios.

Se se teñen en conta todos estes puntos –contexto económico, tendencias do mercado e do consumo e características propias da empresa conserveira de peixes e mariscos galego e o grao de implantación e coñecemento da RSE en Galicia– podemos empezar a profundar nas ferramentas específicas que a RSE lles outorga ás empresas para mellorar na súa competitividade. Insistimos en que dentro da RSE hai máis ferramentas, iniciativas e posibilidades de actuación, pero recolleemos ao longo desta guía as que resultan máis útiles para as pemes galegas do sector.

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

A crecente sensibilidade dos consumidores ante temas como a pesca sustentable, o esgotamento dos caladoiros ou o comportamento das empresas españolas noutros países condiciona a RSE das empresas do sector



04 AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA

O ABRELATAS

04. AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA: “O ABRELATAS”

As características de cada sector condicionan as accións de RSE máis adecuadas. O sector conserveiro de peixes e mariscos está moi regulado e debe facerlles fronte a lexislacións moi estritas en todos os ámbitos. Asumir a RSE como unha estratexia empresarial permítelles ás organizacións do sector ter unha actitude máis proactiva e poder establecer os cambios organizativos que lles permita anticiparse á lexislación, en lugar de ser reactivos; isto leva un custo de adaptación, non só económico, senón organizacional e de xestión.

04.01 RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS PARA AS EMPRESAS CONSERVEIRAS QUE QUEIRAN LEVAR A CABO ACCIÓNS DE RSE

No caso concreto das empresas do sector conserveiro de peixes e mariscos, e atendendo as súas particulares características sinaladas no capítulo 3 desta guía, centramos as recomendacións e as ferramentas de RSE en dous eixes fundamentais:

1. Medio e sustentabilidade. Coñecer o impacto do noso produto ao longo de todo o seu ciclo de vida é un primeiro paso para poder desenvolver políticas neste ámbito. Unha vez coñecido, podemos decidir se queremos tomar medidas que diminúan o impacto ambiental con relación á materia prima que adquirimos, o impacto que se produce na fase de procesado ou, por exemplo, empezar por determinar axustes que reduzan o impacto ambiental do envase.

2. Información ao consumidor. A etiquetaxe do produto, que é outro aspecto moi lexislado dentro do sector, é en si unha oportunidade para promover a RSE. Por unha banda, permítenos darlle ao consumidor máis información da estritamente legal, como exercicio de transparencia, de interese e de diferenciación doutras empresas do sector. Pola outra, a etiquetaxe e o propio envase é un espazo onde poder comunicar logros da empresa ou promover hábitos saudables no consumidor relacionados ou non cos propios produtos.

A RSE do sector conserveiro de peixes e mariscos debe incidir principalmente en xerar e formalizar un comportamento responsable nos eixes sinalados por entrañar os maiores riscos funcionais e reputacionais.

No capítulo 5 desta guía, o lector atopará unha explicación máis detallada de cada unha das normas, selos e demais iniciativas nunha [táboa resumo](#), así como unha relación de documentos útiles e de interese.

Para poder levar a cabo estas recomendacións, resultará moi útil coñecer que ferramentas facilitan o proceso, xa sexan normas certificables, selos ou guías de implantación. Algunhas das ferramentas máis apropiadas están recollidas no subpunto 04.02 “[Ferramentas para poder acollerse a esas recomendacións](#)”.

04.01.01 RECOMENDACIÓNS EN MATERIA DE MEDIO E SUSTENTABILIDADE

Tendo en conta o ciclo de vida do produto, imos centrar as recomendacións en dous momentos claves: a adquisición da materia prima e o procesado do produto.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

Asumir a RSE como unha estratexia empresarial permítelle ás organizacións do sector ter unha actitude máis proactiva e poder establecer os cambios organizativos para poder anticiparse á lexislación

Elaborar códigos de conduta ou acollerse a códigos xa existentes son algunhas das recomendacións con relación á adquisición da materia prima para as empresas do sector



04. AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA: “O ABRELATAS”

RECOMENDACIÓNS PARA A ADQUISICIÓN DA MATERIA PRIMA

As empresas conserveiras de peixes e mariscos de Galicia na maioría dos casos carecen de frota propia. Son esencialmente empresas transformadoras, polo que realizan compras e non todas as compras teñen os mesmos riscos. Debemos lembrar dúas das premisas da RSE: que é voluntaria e que vai máis alá da lexislación.

É importante reincidir neste punto en que o que debe primar nas empresas é un comportamento ético e responsable, máis alá do documento que o sustente. Por iso, para empezar coas recomendacións, destacaremos accións sinxelas que moitas veces non requiren de investimentos nin, na maioría dos casos, da elaboración de documentos. É importante saber a quen lle compro e de onde procede a materia prima que a empresa adquire. Para iso pódese optar por:

R1  • **Elaborar un código de conduta, código de compras ou código de provedores**, no que establezamos as condicións mínimas que debe cumprir o noso proveedor, ademais de prazos de entrega ou niveis de calidade. O código de conduta, por exemplo, é unha declaración expresa da política, dos valores ou dos principios en que se inspira o comportamento dunha empresa no que incumbe ao desenvolvemento dos seus recursos humanos, á súa xestión ambiental e á súa interacción cos consumidores, cos clientes, cos gobernos e coas comunidades nas que desenvolve a súa actividade. Pola importancia que ten no sector o papel dos provedores, explicárase o obxectivo dun código de compras ou código de provedores no subpunto 04.02 “Ferramentas para poder acollerse a esas recomendacións”.

R2  • **Acollerse a códigos de conduta xa existentes.** Aínda que, como sinalabamos antes, as conserveiras en Galicia son fundamentalmente empresas transformadoras, non hai que esquecer que supoñen un elo fundamental dunha cadea con riscos ambientais e de conservación de especies moi elevados. Por iso, é importante coñecer e adherirse, na medida do posible, aos numerosos códigos existentes con relación á sustentabilidade dos océanos, ás prácticas da acuicultura ou á supervivencia de determinadas especies. Coñecer o Código de conduta para a pesca responsable da FAO, en especial o seu artigo 11 dedicado ás prácticas poscaptura e comercio, ou apoiar o Código europeo de boas prácticas para unha pesca sustentable e responsable da Comisión Europea, son exemplos do que a empresa pode facer neste sentido.

No subpunto 04.03 “Documentos de interese” pode obter máis información destes e doutros códigos.

R3  • **Esixirllas certificacións aos provedores en materia de RSE ou dalgunha das súas dimensións.** Os selos e as certificacións refírense principalmente, coma os códigos do punto anterior, á sustentabilidade dos recursos pesqueiros e aos métodos de pesca. Por exemplo, a empresa pode solicitar que toda a materia prima da que se prové ou unha porcentaxe desta cumpra con algunha certificación concreta. Esta medida tamén se pode aplicar a algunha especie concreta. Existen respecto diso algúns selos amplamente utilizados, como a ecoetiqueta do MSC (Marine Stewardship Council). Coa certificación MSC de cadea de custodia, tanto os compradores de produtos do mar coma as conserveiras poden garantirlles aos seus clientes que os produtos que están a adquirir proveñen de pesqueiras sustentables. Ademais deste tipo de certificacións, existen outros

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

O proceso produtivo das empresas conserveiras de peixes e mariscos está condicionado, principalmente, polo tipo de materia prima que definirá o proceso e a auga utilizada neste

A memoria de RSE foise afianzando como unha ferramenta de comunicación e como evidencia do compromiso da organización e dos seus membros cun desenvolvemento sustentable

04. AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA: “O ABRELATAS”

estándares en materia específica de xestión da RSE, como a Norma SGE21 de Forética. Para máis información sobre estas e outras certificacións recoñecidas internacionalmente, pódese consultar o subpunto 04.02 “Ferramentas para poder acollerse a esas recomendacións”.

Estas tres opcións non son excluíntes e pódese avanzar nelas de maneira simultánea. É esencial que as empresas implementen políticas con compromisos claros e que teñan en conta tamén as seguintes apreciacións:

- En relación coa selección dos provedores, é necesario coñecer e revisar de forma periódica os criterios éticos que marcan o seu funcionamento. O ideal é ir incrementando, de xeito gradual, os provedores cunha certificación determinada neste ámbito, ou que demostren un comportamento responsable por encima dos da súa contorna. Trátase, en definitiva, de detectar e de aumentar os provedores que traballen compartindo estes puntos de vista para crear unha cadea de subministración sustentable, o que se denomina “cadea de valor”.
- Se realizamos compras noutros países, especialmente en países en vías de desenvolvemento ou con normativas moi diferentes ás imperantes no noso país, é fundamental coñecer ben os límites e os criterios que se establecen, pois poden non ser suficientes para a nosa política de xestión. Hai que poñer especial atención en garantir que non se vulneren os dereitos humanos fundamentais. Neste sentido, a documentación e a información desde a Organización Internacional do Traballo (OIT) é fundamental.
- As empresas do sector conserveiro de peixes e mariscos deben ser capaces de garantir a cadea de subministración e non comerciar cos operadores que se dedican á pesca ilegal, non declarada ou non regulada (INDNR). A pesca INDNR dificulta a xestión da pesqueira e agrava os impactos da sobrepesca.
- Cultivar unha relación sólida cos provedores a través dunha comunicación bidireccional, continua e fluída é parte do “diálogo cos grupos de interese” ao que nos referimos ao longo de toda a guía. E falar cos provedores de maneira fluída para coñecer as súas inquietudes e suxestións permitirá que nos anticipemos a futuros problemas.

RECOMENDACIÓNS PARA O PROCESADO DE PEIXES E MARISCOS

Como xa adiantamos, o ciclo de vida do produto completo, desde a obtención da materia prima ata o estoxado, a súa distribución e venda ten un evidente impacto ambiental. Dentro deste ciclo, o procesado e as súas actividades asociadas cobran vital importancia. Aínda que o cumprimento da lexislación supón en si un alto esforzo, promover de maneira voluntaria iniciativas que reduzan ese impacto redonda en beneficios de custos e permítenos anticiparnos a futuras lexislacións máis restritivas.

En liñas xerais, podemos dicir que o proceso produtivo das empresas conserveiras de peixes e mariscos estará condicionado, principalmente, polo tipo de materia prima, que definirá o proceso, e pola auga utilizada nel.

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

O diálogo co consumidor
é un asunto fundamental
das recomendacións de RSE
para o sector conserveiro
de peixes e mariscos



04. AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA: “O ABRELATAS”

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

Do mesmo xeito que ocorre coas compras, é importante para a empresa reflexionar sobre a situación de partida antes de iniciar calquera acción en materia de redución de impacto ambiental para que a optimización dos recursos durante todo o proceso produtivo sexa real e eficaz. A empresa debe decidir por onde empezar, xa que non é aconsellable intentar reducir todos os impactos á vez. Aquí propoñemos algúns puntos de partida:

R4 • Reducir o consumo de auga

A auga é un elemento indispensable na etapa do procesado de peixes e mariscos por participar nas fases de lavado, cocción, esterilización, limpeza, etc.

As medidas para mellorar o nivel de eficiencia da auga pódense dividir en dúas categorías; por unha banda, impulsar cambios de comportamento e hábitos poden reducir o consumo de auga de forma sinxela. Por outra, pequenas medidas con moi baixo custo poden xerar aforros significativos. Algúns exemplos: instalación de contadores de auga, recuperación da auga empregada en cámaras a través de condensadores evaporativos, contar con lavadoras con sistema de recirculación de augas, instalar boquillas e válvulas de apertura ou peche, etc.

R5 • Reducir o consumo de peixe

Neste sentido, aconséllanse medidas como unha desconxelación adecuada e controlada para reducir diminucións durante o corte, o emprego e o mantemento de material en bo estado (afiado de follas para o corte do peixe ou do marisco), a reutilización das pezas rexeitadas cando estean en boas condicións, etc.

R6 • Optimizar a xeración de residuos

Aproveitar para outros usos os residuos xerados é case un imperativo no sector. Os subprodutos de peixe están destinados á fabricación de fariñas e de aceites de peixe. De entre os residuos non perigosos destacan os lodos de depuradora e os residuos de papel, cartón, vidro, plástico, etc.

Todos estes residuos deben dispoñer de sistemas de xestión específicos, a través dunha recollida controlada e selectiva.

De especial interese neste punto é a valorización de residuos relacionada co seu aproveitamento como biomasa para a produción de enerxía (combustión ou biometanización).

Este proceso é un dos máis indicados para a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, o aproveitamento enerxético dos residuos orgánicos e o mantemento e a mellora do valor fertilizante dos produtos tratados.

R7 • Reducir o consumo de enerxía

Ás medidas máis tradicionais coma o apagado de equipos cando non están en uso, programar o funcionamento de equipos fóra de horas punta ou o emprego de lámpadas e outros sistemas de baixo consumo súmanse as alternativas máis modernas e eficaces como a autoxeración de enerxía. Recoméndase que a empresa realice estudos de eficiencia enerxética que lle permitan xestionar e optimizar os recursos.

R8 • Mellorar o deseño de envases e embalaxes

O ecodeseño ou a incorporación sistemática de aspectos ambientais no deseño dos produtos é unha tendencia en alza que as empresas non deben deixar de lado. A optimización de envases e embalaxes pasa por medidas como evitar as compras de materiais con excesivo material de embalaxe, aplicar procedementos

Existen estándares nacionais e internacionais aos que as empresas do sector se poden acoller, específicas en materia de RSE ou como parte do complexo mar-industria, na aposta pola sustentabilidade dos produtos pesqueiros

04. AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA: “O ABRELATAS”

de inspección de materiais, almacenar correctamente (protección da humidade e doutros factores), utilizar materiais reciclables, etc. Para este punto, pódese consultar o [Buscador de boas prácticas en ecodeseño de Ecoembes](#). Pode atoparse máis información sobre esta iniciativa no punto 02.01 “[Iniciativas](#)” desta guía.

Ademais destas medidas concretas, a recomendación xeral que debemos ter presente para optimizar o proceso industrial e minimizar os danos derivados deste resumírase en:

- Dimensionar a produción acorde ás necesidades reais. Trátase de que o consumo de recursos por parte das empresas do sector sexa o máis acorde á produción real do produto. Dimensionar correctamente permite optimizar e axustar a cadencia de produción. Neste sentido é recomendable, sempre que sexa posible, deseñar a maquinaria e os procesos de forma modular, o que permite adaptarse ás necesidades de produción de cada momento, modificándoa ou incrementándoa.

Resulta evidente que esta medida é fundamental no momento de valorar o investimento necesario, á hora de montar unha nova liña ou de renovar unha xa existente.

- Tamén se pode optar por certificacións ambientais a través das normas e dos selos de carácter voluntario existentes. Ademais das certificacións máis estendidas e recoñecidas internacionalmente coma o ISO 14001 ou o sistema europeo EMAS, pódense consultar outras iniciativas interesantes no punto 02.01 “[Iniciativas](#)” desta guía.

04.01.02 RECOMENDACIÓNS EN MATERIA DE DIÁLOGO CO CONSUMIDOR

Especialmente, e tratándose de produtos de alimentación, a organización pode e debe levar a cabo accións non só con relación ás vendas dos seus produtos a clientes, senón con relación á calidade, seguridade e beneficios do produto para o consumidor final.

En relación a este punto recomendamos las siguientes acciones:

R9 🍏 • **Promover condutas saudables**, sobre todo cando a publicidade está destinada a determinados sectores de poboación, coma nenos e nenas ou persoas maiores.

R10 📺 • **Participar en campañas sectoriais** que cheguen ao consumidor final de forma masiva e contundente (exemplo: beneficios omega 3, loita contra a obesidade, etc.)

R11 🏷️ • **Facer uso da etiquetaxe para concienciar** sobre un consumo responsable.

R12 ❓ • **Ofrecerlle ao consumidor información** sobre o produto e o alimento en si. Existen dous tipos de informacións: 1) as informacións obrigatorias mínimas sobre as características principais dos produtos (denominación da zona, subzona ou división da FAO na que o peixe foi capturado ou criado) e 2) información adicional de carácter voluntario que axude a fomentar a diferenciación dos produtos sobre a base, por exemplo, da sustentabilidade

RSE

SECTOR CONSERVEIRO
DE PEIXES
E MARISCOS

De especial interese para as empresas do sector conserveiro de peixes e mariscos é a certificación de cadea de custodia da organización MSC



04. AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA: “O ABRELATAS”

ou das técnicas de produción. Proporcionar información completa nas etiquetas dos produtos e promover os produtos máis sustentables bríndalles aos consumidores a oportunidade de tomar unha decisión máis informada.

R13  • **Fomentar a colaboración cidadá co medio.** Son moitos os esforzos que a industria está a facer para que o impacto ambiental do produto sexa o menor posible ao longo de todo o seu ciclo de vida.

Para dar os primeiros pasos neste sentido recomendamos as seguintes accións:

- Promover a reutilización e a reciclaxe dos envases do produto: tanto entre os clientes coma coa poboación en xeral.
- Promover a xestión óptima para os posibles residuos orgánicos do produto. Exemplo: reciclaxe do aceite das conservas.
- Colaborar con organismos que faciliten e que canalicen os esforzos neste sentido.
- Comunicar con transparencia sobre o lugar de captura da especie e a elaboración do produto final, xa que existe moita sensibilidade por parte da poboación neste sentido.
- Colaborar con outras empresas pola supervivencia do sector e participar de foros e iniciativas sectoriais.

R14  • **Publicar unha memoria de sustentabilidade.** A memoria de RSE foise afianzando como unha ferramenta de comunicación e como evidencia do compromiso da organización e dos seus membros cun desenvolvemento sustentável. Definir desde o inicio a quen e como se vai comunicar a memoria resulta fundamental. Detallamos a continuación as principais características que ha de ter unha memoria de RSE.

TRANSPARENCIA. É o alicerce fundamental da credibilidade do documento; debe incluír tanto información positiva coma negativa, así como honestidade, sobre os obxectivos marcados e o seu cumprimento. Hai que ser moi consciente de que a memoria a van a ler os grupos de interese e estes detectarán facilmente resultados maquillados, compromisos esaxerados ou erros omitidos. A transparencia na memoria debe axudar a transmitir os compromisos da organización coa sociedade, como se materializan eses compromisos, que recursos se puxeron á disposición, cales eran os resultados buscados e os obtidos e o porqué das diferenzas, se as hai.

MATERIALIDADE. Definir a materialidade dos temas que se van tratar significa que “a información contida na memoria deberá cubrir aqueles aspectos e indicadores que reflectan os impactos significativos, sociais, ambientais e económicos da organización ou aqueles que poderían exercer unha influencia substancial nas avaliacións e decisións dos grupos de interese”. Por iso, a situación ideal á hora de expor a elaboración do documento sería implicalos no proceso. As opcións son, por exemplo, un estudo de materialidade, consultas, enquisas e tamén se pode extraer información dispoñible das comunicacións xa existentes cos diferentes grupos de interese.

PERSONALIZACIÓN. A RSE de cada empresa debe ser “única e intransferible”, polo que a súa memoria de sustentabilidade deberá selo igualmente. Sempre se poden consultar outros documentos ou optar por modelos xa definidos

RSE

SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS



A ferramenta Xunta Pro-RSE da Xunta de Galicia facilítalle á empresa a elaboración de informes personalizados segundo as súas características e necesidades

que fagan máis sinxelo o proceso de elaboración da memoria, pero debemos adaptar estes estilos ás características particulares da empresa e conseguir que o contido sexa único.

REPUTACIÓN. Hai unha relación directa entre RSE e reputación. Diversos estudos sobre a reputación corporativa sinalan que os consumidores destacan como valores fundamentais para definir a reputación dunha marca os seguintes: os propios bens e servizos, a integridade e o liderado. A integridade é un dos valores que máis creceu sobre todo por mor da crise global, o que implica que os consumidores valoran e esixen cada vez máis ética na xestión do negocio. Estímase que preto do 40 % da reputación depende de dimensións relativas á RSE. Faise, por tanto, moi importante non só consolidar comportamentos responsables, senón comunicalos adecuadamente e, se é posible, avalados por colectivos ou organizacións independentes.

INDICADORES DE DESEMPEÑO. Se anteriormente sinalabamos que é importante decidir que vou contar e a quen, non menos relevantes é definir o como. Agora trátase de elixir os indicadores máis adecuados para reflectir iso que queremos comunicar. Os indicadores de desempeño provén un valor de referencia a partir do cal se pode establecer unha comparación entre as metas planeadas e o desempeño logrado. Para a avaliación de resultados, unha memoria de sustentabilidade achega indicadores de desempeño nas tres dimensións (económica, social e ambiental) que permiten medir a súa evolución. Para ampliar a información sobre indicadores de desempeño hai que ir ao capítulo 01. “Preguntas e respostas” desta guía.

OUTRAS RECOMENDACIÓNS DE RSE

Aínda que non lle dedicamos unha parte específica destas recomendacións á RSE interna, é importante que calquera empresa teña en conta os seus traballadores e traballadoras como grupo de interese prioritario. Neste sentido, atendendo ás características do sector no que destaca a man de obra maioritariamente feminina, recoméndase prestarlles especial atención aos seguintes puntos:

R15  • **Plans de igualdade de oportunidades e de conciliación.** Na páxina de [Igualdade da Xunta de Galicia](#) hai guías para elaborar plans de igualdade dentro das empresas.

R16  • Se queremos, como organización, **axudar á integración de persoas en risco de exclusión**, podemos elaborar plans de formación para incorporar estas persoas no mercado laboral. Podemos dar formación ou integrar unha porcentaxe deste colectivo no persoal.

R17  • **Colaborar co persoal no deseño dun diálogo fluído**, de maneira que se poidan incorporar as súas expectativas á xestión é moi beneficioso para a organización e para o seu persoal. Non só se trata de preguntar que lles gusta e que non lles gusta da empresa, das condicións do posto de traballo ou de medir o clima laboral, senón que temos que responder as súas suxestións.

A modo de exemplo, podemos poñer unha caixa de correos de suxestións ou facer unha enquisa anual anónima. En calquera caso, a clave é dar sempre unha resposta e non deixar “morrer” as iniciativas. De nada serve consultar

04. AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA: “O ABRELATAS”

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

se non se dá unha resposta a esa consulta, sexa cal sexa. Poden ser medidas tan sinxelas como publicar no taboleiro de anuncios as suxestións recibidas e apuntar cales se van realizar e cales non, e porque.

R18 • Se queremos **prever comportamentos non desexables**, como acoso a persoas traballadoras, podemos elaborar un código de conduta interno, que é un documento no que recolleamos o comportamento esperado entre as persoas da empresa cos clientes ou mesmo cos provedores.

04.02 FERRAMENTAS PARA PODER ACOLLERSE A ESAS RECOMENDACIÓNS

CERTIFICACIÓNS E SELOS

Existen estándares nacionais e internacionais aos que as empresas do sector se poden acoller, específicas en materia de RSE ou como parte do complexo mar-industria, na aposta pola sustentabilidade dos produtos pesqueiros.

É importante igualmente ter en conta estes estándares como criterios esixibles e excluíntes que deben cumprir os provedores; e estes poden ser normas certificables tanto en materia ambiental coma de relación coas persoas traballadoras ou sistemas de xestión socialmente responsables certificados. Pero antes de tomar este tipo de medidas é importante volver á reflexión inicial e lembrar que o obxectivo debe ser establecer, e axudar a outros a establecer, comportamentos responsables. Neste sentido, a selección de provedores pódese facer con criterios incluíntes en lugar de excluíntes; é dicir, buscar provedores que participen de proxectos sociais, que teñan boa reputación, que incidan sobre o seu impacto social, etc.

En calquera caso, as normas certificables máis estendidas en materia de RSE son:

• **SGE 21:2008 de Forética.** A norma de empresa SGE 21 é o primeiro sistema de xestión da responsabilidade social europea que permite, de maneira voluntaria, auditar procesos e alcanzar unha certificación en xestión ética e responsabilidade social. O sistema de xestión SGE 21 foi o elixido tanto por empresas multinacionais de primeira liña coma por pequenas e medianas empresas. Parte de modelos consolidados coma os de calidade e medio, aos que enriquece a través dunha visión *multistakeholder*. Desta maneira, sistematiza as relacións con 9 áreas de xestión, para as que establece uns criterios que son desenvolvidos por un código de conduta e supervisados por un comité de ética. Esta norma está estendida sobre todo en España e en América Latina.

• **SOCIAL ACCOUNTABILITY SA:8000.** É unha certificación voluntaria que foi creada por unha organización estadounidense chamada responsabilidade social internacional (Social Accountability International-SAI), co propósito de promover mellores condicións laborais. A certificación SA8000 baséase nos acordos internacionais sobre as condicións laborais, que inclúen temas tales como a xustiza social, os dereitos das persoas traballadoras, etc.



E, doutra banda, as certificacións específicas máis estendidas e principalmente esixibles a provedores para o sector conserveiro de peixes e mariscos son:

- MSC (Marine Stewardship Council). É unha organización internacional sen ánimo de lucro creada para transformar o mercado dos produtos do mar cara á sustentabilidade. O MSC desenvolveu estándares para a pesca sustentable e a rastrexabilidade de produtos pesqueiros. Ambos os estándares baséanse nunha auditoría independente por certificadores acreditados. Estes estándares seguen os criterios mundiais de boas prácticas máis robustos. De especial interese para as empresas do sector conserveiro de peixes e mariscos é a certificación de cadea de custodia da organización.

- Dolphin Safe. O selo Dolphin Safe garante que na pesca do atún non se puxo en risco a vida dos golfinhos.

- Etiqueta ecolóxica comunitaria. O obxectivo do sistema comunitario de atribución de etiqueta ecolóxica é fomentar os produtos cun impacto reducido no ambiente antes ca os demais produtos da mesma categoría e proporcionarlles aos consumidores orientación e información exacta e con base científica sobre os produtos. A etiqueta ecolóxica pode concedérselles a produtos existentes na comunidade que cumpran determinados requisitos ambientais e os criterios da etiqueta.

CÓDIGO DE PROVEDORES

Como xa avanzabamos, a ferramenta máis estendida para realizar o que denominamos “compras responsables” é un código de provedores que recolla o comportamento esperado ou esixido a estes, segundo os valores da nosa compañía, pero en ningún caso responsabiliza a empresa do comportamento dos seus provedores ou subcontratistas. A aspiración do código de provedores debe ser a de colaborar con eles e apoialos na mellora do comportamento cos seus traballadores e traballadoras, ou en materia ambiental, entre outros asuntos.

Nos códigos referidos ao comportamento ambiental, tamén os requisitos para incluír dependerán do “punto de partida” do provedor. Trátase de establecer os mínimos cos que se debe traballar.

Elaborar o código en si non é suficiente para garantir que as compras se realizan baixo certas condicións. Débenselles comunicar de maneira adecuada aos provedores, e hai que asegurarse de que os entenden, establecer que criterios son excluíntes e cales non, establecer prazos para que os provedores se adapten e definir se se dedican recursos ou non a lles axudar a eses provedores. En última instancia, pódense auditar eses provedores no cumprimento do código.

MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE

Xa falamos ao longo desta guía da importancia de elaborar unha boa memoria de sustentabilidade. Existen varias iniciativas e ferramentas dispoñibles para que as empresas de calquera tamaño poidan realizar os seus informes de RSE. A continuación, enumeramos as máis estendidas:

- A Global Reporting Initiative (GRI) posúe guías xerais e sectoriais orientativas para a elaboración de memorias de sustentabilidade. A versión máis actual é a GRI3. Por unha banda, as guías danlles cabida ás tres dimensións

fundamentais da RSE e, por outra, proporcionan indicadores de desempeño para a avaliación de resultados. Unha memoria elaborada segundo os criterios de GRI pode ser verificada por unha entidade externa.

- A norma AA1000 de AccountAbility é unha norma que trata de asegurar a calidade desa información transmitida nos procesos de difusión e de desenvolvemento de informes obxectivos e accesibles. Regula o procedemento para asegurar a calidade da información.

- A Rede Española do Pacto Mundial pon á disposición das empresas asinantes do Pacto Mundial unha ferramenta na súa web a través da cal pode elaborar un informe de progreso, un documento equiparable a unha memoria de sustentabilidade e compatible co estándar GRI. O obxecto fundamental é informar os seus avances nos compromisos adquiridos ao subscribir os principios do Pacto Mundial. Non é susceptible de ser verificable.

- A ferramenta Xunta Pro-RSE da Xunta de Galicia facilítalle á empresa a elaboración de informes personalizados segundo as súas características e necesidades, sen renunciar a que poidan ser comparables con informes doutras organizacións. Permite ademais incorporar os indicadores de desempeño á xestión e identificar as fortalezas e as debilidades da RSE dentro da organización.

Outros organismos estatais, coma Forética, publican periodicamente manuais sobre RSE, como As 30 regras de ouro da RSE para pemes, que no seu capítulo 2 sinala as 10 regras básicas para a elaboración da memoria de sustentabilidade.

04. AS FERRAMENTAS QUE NOS DÁ A RSE PARA A XESTIÓN DUNHA EMPRESA CONSERVEIRA: “O ABRELATAS”


RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

04.03 DOCUMENTOS DE INTERESE

Existen na actualidade numerosos documentos, guías, manuais ou códigos de conduta e boas prácticas que as empresas conserveiras de peixes e mariscos poden consultar, ben para xerar as súas propias políticas ou para decidir adherirse a algunhas das iniciativas xa existentes.

Destacamos os de maior interese para o sector:

TÍTULO DEL DOCUMENTO	ÁREA TRATADA	LINK
Código de conduta para a pesca responsable da FAO; en especial, o seu artigo 11 dedicado ás prácticas poscaptura e comercio	Sustentabilidade dos recursos pesqueiros	
Directrices para a ecoetiquetaxe de peixe e produtos pesqueiros da pesca de captura mariña, da FAO	Etiquetaxe	
<i>Guía do atún 2013 de Greenpeace</i> . Estudo de avaliación de 14 marcas españolas, para lles dar a coñecer aos consumidores o seu compromiso coa sustentabilidade pesqueira	Sustentabilidade dos recursos pesqueiros	
<i>Libro branco para a minimización de residuos e emisións</i> . conserveiras de peixe, de IHOBE. Ten como obxectivos resaltar as principais problemáticas ambientais do sector e dar criterios técnicos e metodoloxía de traballo para a selección de medidas de minimización e valorización	Medio e proceso produtivo	
<i>Guía Son os envases bos embaixadores do teu compromiso ambiental?</i> , de Ecoembes, para comunicar con éxito as melloras ambientais nos envases	Medio e proceso produtivo	
<i>Codex Alimentarius</i> . Inclúe normas, directrices e códigos de prácticas alimentarias internacionais harmonizadas destinadas a protexer a saúde dos consumidores e a garantir a aplicación de prácticas leais no comercio de alimentos	Produto final e consumidor	
Ardán 2013 incorpora un diagnóstico da RSE e unha serie de reportaxes sobre boas prácticas nalgunha das dimensións da RSE de dez empresas galegas	Sustentabilidade e RSE	
<i>Guía Loita contra a corrupción e a promoción da transparencia</i> do Pacto Mundial. A parte teórica é de libre acceso, pero os modelos prácticos son de acceso restrinxido aos socios da Rede Española do Pacto Mundial	Anticorrupción e RSE	
Ecoetiquetaxe e pesca sustentable. O obxectivo desta publicación elaborada por IUCN e FAO é explicar a problemática e os beneficios da ecoetiquetaxe con relación á pesca sustentable	Sustentabilidade dos recursos pesqueiros	
<i>As 30 regras de ouro da RSE para pemes</i> . Esta guía editada por Forética está orientada a lles axudar ás pequenas e medianas empresas (pemes) a incorporar a responsabilidade social empresarial (RSE) na súa xestión	RSE	
<i>Guía para a implantación da responsabilidade social empresarial na peme</i> , da Xunta de Galicia	RSE	



05 TÁBOA RESUMO DE INICIATIVAS

-

ORGANISMO	PROMUEVE	DESCRIPCIÓN	LINK
AccountAbility	Norma de aseguramento de sustentabilidade	A norma AA1000AS de AccountAbility é unha norma que trata de asegurar a calidade desa información transmitida, nos procesos de difusión e de desenvolvemento de informes obxectivos e accesibles. Regula o procedemento para asegurar a calidade da información.	
Comisión Europea (CE)	Produtos verdes	ECOSMES é un proxecto financiado pola Comisión Europea. Este portal web ofrece información, ferramentas e servizos para desenvolver e comercializar “produtos verdes”. Dentro deste proxecto, desenvólvese unha clasificación de produtos baseada nos resultados obtidos por diferentes tipos de ecoetiquetas, co obxectivo de coñecer cal é o tipo de ecoetiqueta máis adecuada para cada tipo de produto. O portal web está dispoñible en castelán e en inglés, aínda que non toda a información está traducida.	
ECODES Fundación Ecoloxía e Desenvolvemento	Mitigación pegada de carbono	A Fundación Ecoloxía e Desenvolvemento (Ecodes) e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Fundación Biodiversidade, promoven o proxecto Carbonpedia. Carbonpedia é unha base de datos aberta sobre a pegada de carbono tanto de entidades e dos produtos coma dos eventos, centrada no ámbito español. O obxectivo do proxecto é favorecer a recompilación, a comunicación e a difusión da pegada de carbono como medida para mellorar a transparencia das entidades (tanto públicas coma privadas) en canto á súa política climática.	
ECOEMBES	Recuperación e reciclaxe de envases	Ecoembalajes España, SA (Ecoembes) é a organización sen ánimo de lucro que xestiona a recuperación e a reciclaxe dos envases de plástico, as latas e os cartóns (colector amarelo) e os envases de cartón e papel (colector azul) en toda España. A través do seu portal, poñen á disposición das súas empresas adheridas numerosos proxectos e iniciativas de interese.	
Earth Island Institute	Ecoetiqueta Dolphin Safe	O selo Dolphin Safe garante que na pesca do atún non se poña en risco a vida dos golfinos.	
Forética	Estándar certificable	A norma de empresa SGE 21 é o primeiro sistema de xestión da responsabilidade social europeo que permite, de maneira voluntaria, auditar procesos e alcanzar unha certificación en xestión ética e responsabilidade social. O sistema de xestión SGE 21 foi o elixido tanto por empresas multinacionais de primeira liña coma por pequenas e medianas empresas. Parte de modelos consolidados coma os de calidade e medioambiente, aos que enriquece a través dunha visión <i>multistakeholder</i> . Desta maneira, sistematiza as relacións con 9 áreas de xestión, para as que establece uns criterios que son desenvolvidos por un código de conduta e supervisados por un comité de ética. Esta norma está estendida sobre todo en España e en América Latina.	
Global Reporting Initiative (GRI)	Memoria de sustentabilidade	GRI é unha organización internacional sen ánimo de lucro que promove a sustentabilidade económica, ambiental e social. Ofrécelles a todas as empresas e organizacións un conxunto de ferramentas para elaborar informes de sustentabilidade completos. Pódese acceder ás guías para a elaboración das memorias, así como aos suplementos sectoriais, a través da súa web. Non todos os documentos están en español, aínda que si a maioría.	

ORGANISMO	PROMUEVE	DESCRIPCIÓN	LINK
ISO Organización Internacional de Normalización	Norma non certificable	É unha guía que establece liñas de actuación, recomendacións e propostas en materia de responsabilidade social, pero non é unha norma certificable. Serve como folia de ruta na implantación ou na orientación de medidas de RSE. Está deseñada para empresas de calquera tamaño. A asociación internacional Normapme (creada en 1996 co apoio da Comisión Europea) editou unha <i>Guía de aplicación para peme da norma ISO 26000</i> que pode ser de utilidade. Está dispoñible en castelán.	
Marine Stewardship Council (MSC)	Estándar certificable	É unha organización internacional sen ánimo de lucro creada para transformar o mercado dos produtos do mar cara á sustentabilidade. O programa MSC segue os consellos da FAO que requiren que as auditorías sexan levadas a cabo por certificadores independentes e por terceiras partes. É un programa voluntario no que as pesqueiras e as empresas da industria de produtos pesqueiros buscan obter a certificación a través do estándares MSC. Estes cumpren os requirimentos máis elevados no eido mundial en canto a certificación e eco-etiquetaxe.	
Rede Española do Pacto Mundial	Informe de progreso-memoria sustentabilidade	As empresas asinantes do Pacto Mundial dispoñen dunha ferramenta na súa web a través da cal pode elaborar un informe de progreso equiparable a unha memoria de sustentabilidade.	
SEDEX	Prácticas comerciais responsables	Sedex é unha organización británica sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é posibilitar melloras nas prácticas comerciais responsables e éticas das cadeas de subministración de todo o mundo. Ofrece un modo simple e eficaz de xestionar prácticas éticas e responsables na cadea de subministración. A súa principal achega é unha base de datos que lles permite aos membros almacenar, compartir e xerar informes sobre 4 áreas clave: normativas laborais, prevención de riscos laborais, o medio e a ética comercial. A web está dispoñible en castelán, aínda que as ferramentas que ofrece son só para membros da organización. As tarifas están dispoñibles na mesma web.	
Social Accountability International (SAI)	Estándar certificable	É unha organización internacional sen ánimo de lucro, <i>multistakeholder</i> , dedicada a desenvolver e a implementar normas socialmente responsables, para mellorar as condicións de traballo. En 1997, SAI lanzou a norma SA8000 (Social Accountability 8000 Standard), baseada en normas laborais de convencións da Organización Internacional do Traballo (OIT), a Declaración de Dereitos Humanos e a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno. Esta norma é unha certificación verificable e auditable por terceiras partes. É recoñecida no ámbito mundial e é unha das máis prestixiosas en temas de dereitos laborais. Ten un enfoque vertical no ámbito laboral e nace co fin de garantir as condicións de traballo e evitar abusos con relación aos traballadores.	

05. TÁBOA RESUMO DE INICIATIVAS:

RSE SECTOR CONSERVEIRO DE PEIXES E MARISCOS

ORGANISMO	PROMUEVE	DESCRIPCIÓN	LINK
Sustainable Fisheries Partnership (SFP)	Sustentabilidade pesqueira	SFP é unha organización norteamericana especializada en responsabilidade social corporativa en materia pesqueira cuxa misión é manter e recuperar a saúde dos océanos e sistemas acuáticos, mellorando a pesca e a acuicultura para asegurar a dispoñibilidade futura dos recursos. SFP colabora con procesadores e cadeas de distribución na definición de políticas de sustentabilidade pesqueira e facilita a posta en marcha e a coordinación de proxectos de mellora de pesqueiras, establecendo accións prácticas que lles permiten aos seus colaboradores liderar a recuperación daquelas pesqueiras que non alcancen os criterios/requisitos de sustentabilidade desexados.	
UE	Etiqueta ecolóxica comunitaria	Os produtos téxtiles con escaso impacto ambiental, en cumprimento dunha serie de requisitos ambientais e dos criterios ecolóxicos específicos para estes produtos, poderán obter o distintivo de etiqueta ecolóxica comunitaria. A etiqueta ecolóxica achégalles numerosas vantaxes a todos os grupos implicados na actividade comercial do sector téxtil: mellora a imaxe da empresa, permítelle ao comercio dispoñer de información exacta sobre os produtos en venda e garántelle ao consumidor adquirir un produto respectuoso coa contorna e coa saúde.	
Xunta de Galicia	Xunta Pro-RSE Ferramenta informática de autodiagnóstico-memoria de sustentabilidade	Esta ferramenta pioneira permitirá integrar os proxectos e os seus indicadores de seguimento. A ferramenta Xunta Pro-RSE está deseñada para calquera tamaño de empresa de calquera sector. Permitirá tamén que os proxectos e os indicadores introducidos se plasmen en memorias de sustentabilidade.	



ANEXO I

- CUESTIONARIO RSE

CUESTIONARIO REALIZADO POR ADAPTARSE SOLUCIONES PARA A XUNTA DE GALICIA. 2013

Queremos coñecer o grao de implantación da responsabilidade social empresarial e as súas ferramentas. É importante que o cubra o máximo responsable da organización.

1. Datos da empresa

Nome ou razón social	
Facturación 2012	
Número de traballadores	
Número de centros de traballo en España	
Número de centros de traballo fóra de España	

2. Datos da persoa de contacto

Nome	
Cargo	
Enderezo-e	

3. Díganos por favor... (Responder Si/Non)

	SI / NON
Consideraría interesante contar cunha guía específica para peme do sector conserveiro en materia de RSE?	
Existe na organización un responsable de responsabilidade social empresarial?	
Existe na organización un plan de RSE coñecido por todos os traballadores e á disposición pública	

4. Indique, por favor, se considera que na súa empresa se levou a cabo algunha das seguintes accións (Marcar todas as que considere oportunas)

Colaboración con ONG ou iniciativas sociais e achegar recursos humanos, coñecemento...	
Patrocinio de eventos deportivos	
Patrocinio de eventos culturais	
Achega de diñeiro a proxectos sociais	
Políticas activas de preservación do medio, máis alá da lexislación	
Outras actividades coa comunidade local (Por favor, especifique)	
Outro (Por favor, especifique)	

5. Na empresa mídense os impactos ambientais e sociais da actividade?

(Resposta única: só pode marcar unha)

Si, pero só os ambientais	
Si, pero só os sociais	
Si, ambos	
Non se miden estes impactos	

NOTA: A medición dos impactos sociais e ambientais implica o emprego de indicadores específicos, a súa medición e o seu seguimento.

6. Tómanse medidas concretas en función do resultado da avaliación da satisfacción dos clientes? (Resposta única: só pode marcar unha)

Si	
Non, non se mide a satisfacción dos clientes	
Non, aínda que si se realizan avaliacións da satisfacción dos clientes	

NOTA: Refírese a medidas concretas para mellorar esta satisfacción e tamén a medidas para incorporar suxestións dos clientes.

7. Está incorporada algunha das seguintes iniciativas na xestión da súa empresa?

(Marcar todas as que considere oportunas)

	Si, témolo incorporado	Non, pero é algo no que queremos avanzar	Non
Código ético para as persoas da organización			
Código de provedores con criterios de dereitos laborais e ambientais			
Política anticorrupción			
Memoria de sustentabilidade			
Análise do ciclo de vida dos seus produtos desde a perspectiva do impacto ambiental			
Etiqueta ecolóxica europea (EEE)			
Plan de optimización de envases (ecodeseño)			
Sistema de xestión de RSE:SGE21 de Forética, Norma SA8000, RSE Net 10, ISO 26001, Outros – especificar			

8. No referente á RSE interna e á xestión de persoas, por favor, responda as seguintes preguntas (Responder Si/Non)

	SI / NON
A empresa dispón dunha política que garante a igualdade de oportunidades no acceso aos postos de traballo, á formación, ao desenvolvemento profesional e á retribución, independentemente do xénero?	
Existen na empresa medidas activas de conciliación da vida laboral e persoal?	
Avalíanse periodicamente as necesidades de formación dos empregados?	
Tómanse medidas concretas en función das achegas e das opinións dos traballadores?	

9. Indique por favor se están a traballar nalgunha destas liñas (Marcar todas as que considere oportunas)

Inversión en I+D+i	
Minimización de emisións, aforro de auga e enerxía consumida no proceso	
Promover a reciclaxe de envases nos consumidores finais	
Uso de enerxías renovables no proceso	
Diálogo coa comunidade local para coñecer necesidades, molestias etc.	
Incorporación de homes a un sector tradicionalmente de mulleres	
Outra (Por favor, especifique)	

10. Tómanse medidas para avanzar nas garantías de que a materia prima segue recomendacións de pesca sustentable? (Marcar todas as que considere oportunas)

Si, comprámoslles a materia prima a provedores certificados	
Si, a materia prima é da nosa frota e existen medidas nesta liña	
Non avanzamos nesta liña	

11. Díganos, na súa opinión, cal cre que será a tendencia do sector conserva, sobre todo con relación á innovación e á RSE. Texto libre

galicia



XUNTA DE GALICIA